

## Presentación

*José María Paz Gago*

No ano 1992, no transcurso do V Congreso Internacional da Asociación Española de Semiótica que se celebraba na Coruña, un grupo de profesores e investigadores galegos concebíamos a idea de organizar unha Asociación Galega de Semiótica. Ó ano seguinte, co gallo dun seminario sobre a metodoloxía semiolóxica, tiña lugar o Acto Fundacional de AGÁS, coa presenza de Jorge Lozano, director da Academia de Historia, Arte e Arqueoloxía de España en Roma e representante de España na *International Association for Semiotics Studies* (IASS / AIS) e de José Ramón Soraluze Blond, Vicerrector de Extensión Universitaria da Universidade da Coruña.

Na Acta Fundacional quedan enunciados con claridade os nosos obxetivos: *Os fins desta Asociación son a análise e interpretación de tódolos sistemas de comunicación naturais, verbais e audiovisuais dende a perspectiva semiótica. Aínda que se privilexará a investigación sobre a literatura, outros tipos de discursos e o audiovisual galego, AGÁS estará aberta á investigación das manifestacións sígnicas e textuais universais.*

Sen presas pero sen pausas, o desenrolo das actividades científicas da AGÁS non se fixo esperar, e en abril de 1995 celebrouse este I Simposio da Asociación Galega de Semiótica, no que se deron cita mais dun cento de especialistas - na súa maioría procedentes de Galicia - para abordar un tema principal, "Literatura e Cine", co apoio dos investigadores mais destacados nestes campos como Iris Zavala, da Universidade de Utrecht, Sultana Wahnon da de Granada e Jenaro Talens, profesor das Universidades de Valencia e Minnesota.

Baixo a dirección do profesor Carlos J. Gómez Blanco, o Simposio foi aberto polo Profesor Thomas A. SEBEOK., de Indiana University (USA), quen pronunciou a Ponencia "The Origins of Language and the Evolution of Communication", e contou coa asistencia de representantes das Comunidades Autónomas de Cataluña, Andalucía, Canarias, La Rioja e País Vasco, así como participantes das tres Universidades -cos seus sete Campus- e de boa parte dos Institutos de Bacharelato galegos.

Este volume de Actas, editado por Carlos J. Gómez Blanco, é a primeira publicación colectiva da nosa Asociación. Trátase dunha publicación modesta en extensión pero trascendental polo valor do seu contido científico e porque anuncia un futuro prometedor, que atopará unha continuidade ascendente no noso inminente II Simposio, que dirixirá a profesora Carmen Becerra na Universidade de Vigo.

JOSE MARÍA PAZ GAGO. Presidente da Asociación Galega de Semiótica.